

LIMIAR

Ao longo das últimas décadas Galicia e Portugal estiveron sometidas a numerosas transformacións de todas as ordes dentro do novo contexto europeo. Cambios políticos, sociais, económicos e culturais achegan e, ao mesmo tempo, diferencian a dous países cunha historia que conflúe como se a fronteira fose un río que avanza e retrocede formando relanzos e rápidos segundo a estación. E como a fronteira é verdadeiramente un río caudaloso, as marxes son elásticas e a comunicación é posible. Proba disto foi a candidatura de patrimonio inmaterial galego-portugués á UNESCO do programa de radio *Ponte... nas ondas*, unha experiencia de radio interescolar, que demostra ademais que os máis novos xa souberon entender que o río une máis do que separa.

A Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega presenta as actas do III Congreso Luso-Galego de Estudos Xornalísticos e II Encontros Luso-Galego de Comunicación e Cultura, nas que se reafirma o compromiso de seguirmos explorando as relacións comunicativas entre Galicia e Portugal. Esta edición mantivo a vocación de foro aberto no que establecer un debate continuado sobre o hipersector da comunicación, que presenta novos desafíos para os medios galegos e portugueses.

No congreso, tal e como reflicten as actas, abordáronse moi diversos temas, entre eles os usos dos medios no ensino, as confluencias entre xornalismo e literatura, a actualidade das industrias culturais ou a situación do sector audiovisual. Ademais, as comunicacións presentadas permiten recoñecer as teimas dos investigadores máis novos que navegan nas augas mestas do estudo histórico, a análise sincrónica e as proxeccións futuras do hipersector da comunicación. Todas as achegas constrúen un discurso investigador plural que nos permite afondar nas relacións comunicativas entre Galicia e Portugal, as dúas beiras do mesmo río.

Xosé López García
Rosa Aneiros Díaz